

**NORMATIVA DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO
DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Aprobada na Comisión Permanente da Escola de Enxeñería Industrial
o 24 de maio do 2021

Aprobada na Xunta de Escola da Escola de Enxeñería Industrial
o 23 de xuño do 2021



Delegación do Alumnado da
Escola de Enxeñaría Industrial

ÍNDICE

TÍTULO I DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL	6
Artigo 1.- Natureza.....	6
Artigo 2.- Estrutura e composición	6
Artigo 3.- Competencias.....	6
Artigo 4.- Fins	7
Artigo 5.- Órganos Colexiados e Unipersoais.....	7
TÍTULO II ÓRGANOS DA DAI	8
CAPÍTULO PRIMEIRO A XUNTA DE ALUMNADO	8
Sección Primeira Disposicións Xerais	8
Artigo 6.- Natureza e composición da Xunta de Alumnado.....	8
Artigo 7.- Competencias da Xunta de Alumnado.....	8
Artigo 8.- Dereitos e deberes dos membros da Xunta de Alumnado	9
Artigo 9.- Expedientes Contraditorios.....	10
Sección Segunda Funcionamento interno da Xunta de Alumnado	10
Artigo 10.- Constitución	10
Artigo 11.- Sesións e convocatorias	10
Artigo 12.- Debates	11
Artigo 13.- Adopción de acordos	12
Artigo 14.- Actas.....	12
Artigo 15.- Carácter supletorio das normas sobre funcionamento da Xunta de Alumnado	13
Sección Terceira Sancións e órgano supervisor	13
Artigo 16.- Disposicións xerais	13
CAPÍTULO SEGUNDO A COMISIÓN DELEGADA.....	14
Sección Primeira Disposicións Xerais	14
Artigo 17.- Natureza e Composición da Comisión Delegada	14
Artigo 18.- Competencias da Comisión Delegada.....	14
CAPÍTULO TERCEIRO AS COMISIÓN DE ÁREA	16
Sección Primeira Disposicións Xerais	16
Artigo 19.- Natureza e composición das Comisións de área.....	16
Artigo 20.- Comisións non permanentes	16
CAPÍTULO CUARTO DA XUNTA DIRECTIVA	17
Sección Primeira Disposicións Xerais	17
Artigo 21.- Natureza e composición da Xunta Directiva	17
Artigo 22.- Elección da Xunta Directiva.....	17
Artigo 23.- Da moción de censura.....	17

Sección Segunda O Delegado	18
Artigo 24.- Natureza.....	18
Artigo 25.- Competencias.....	18
Artigo 26.- Particularidades do cargo	18
Sección Terceira O Subdelegado	18
Artigo 27.- Natureza.....	18
Artigo 28.- Competencias.....	19
Sección Cuarta O Secretario	19
Artigo 29.- Natureza.....	19
Artigo 30.- Competencias.....	19
Sección Quinta O Tesoureiro.....	19
Artigo 31.- Natureza.....	19
Artigo 32.- Competencias.....	20
Sección Sexta Os Vogais	20
Artigo 33.- Natureza.....	20
Artigo 34.- Competencias.....	20
TÍTULO III DOS ESPAZOS E RECURSOS	21
Sección Primeira Disposicións Xerais	21
Artigo 35.- Dos centros que a forman.....	21
Artigo 36.- Coordinación e funcionamento	21
Artigo 37.- Utilización dos espazos dos locais de delegación	21
TÍTULO IV OUTRAS ELECCIÓN.....	22
Sección Primeira Delegados de curso	22
Artigo 38.- Disposicións xerais	22
Artigo 39.- Procedemento de elección	22
Artigo 40.- Funcións	23
DISPOSICIÓN.....	24
Disposición adicional primeira.- <i>Reforma do presente regulamento</i>	24
Disposición adicional segunda.- <i>Regulamentos de Réxime Interno</i>	24
Disposición adicional terceira.- <i>Supostos de non votación</i>	24
Disposición adicional cuarta.- <i>Denominacións</i>	24
Disposición adicional quinta.- <i>Ausencias xustificadas</i>	25
Disposición derogatoria.....	25
Disposición final.- <i>Entrada en vigor e transición</i>	25

PREÁMBULO

As Delegacións de estudantes da Universidade de Vigo están amparadas polo DECRETO 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os **estatutos da Universidade de Vigo** aprobados en Claustro Universitario o 18 de Novembro do 2018 e publicado no DOG o venres 22 de febreiro de 2019 no que se recolle textualmente:

Artigo 70 - Delegacións de estudantes

1. No seo dos centros da Universidade de Vigo, a delegación de estudantes estará constituída polos representantes de estudantes en órganos colexiados. A Universidade facilitará os medios para que as delegacións de estudantes desenvolvan os seus fins e as súas funcións.
2. Entre os fins e as funcións das delegacións de estudantes estarán:
 - a. Exercer funcións de representación e de mediación ante as autoridades académicas e os órganos de goberno no establecemento da canle de diálogo e de información que faciliten a vida universitaria.
 - b. Informar os seus representados ou representadas de todas as cuestións que consideren oportunas e recoller as súas opinións; se é necesario, e de forma excepcional, poderá realizarse esta función en horario lectivo tras o acordo co centro.
 - c. Elixir os ou as representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, nos casos para os cales non exista un regulamento específico.
 - d. Xestionar os recursos que a Universidade de Vigo poña á súa disposición.
 - e. Promover e coordinar actividades de extensión universitaria e de sensibilización en materia de xénero.
 - f. Outros fins e funcións recollidos no ordenamento xurídico vixente.

Artigo 74 - Ordenamento relacionado co estudantado na Universidade de Vigo

1. A Universidade de Vigo dotarase dun regulamento de estudantes que garanta:
 - a. A especificación de como se articula a representación estudantil dentro da Universidade de Vigo

Por outra banda, o **Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo** aprobado en claustro o 13 de abril de 2021 e publicado no DOG o mércores 26 de maio do 2021 recolle:

Artigo 48. Representantes do estudantado

1. Son representantes do estudantado o alumnado que, elixido a través dos diferentes procesos electorais, forma parte dos órganos colexiados de goberno da universidade: Consello Social, Consello de Goberno, claustro, consellos de campus, xuntas de centro, consellos de departamento e as súas correspondentes comisións.
2. Tamén se considerarán representantes do estudantado os/as delegados/as de curso nos centros onde exista esta figura representativa. Será competencia destes centros redactar, de ser preciso, un regulamento que especifique o método de eleccións dos/das delegados/as de curso e as súas competencias.

Artigo 50. Organización dos e das representantes

1. No seo dos centros da Universidade de Vigo, o estudantado, sen mingua dos dereitos individuais dos e das representantes, deberá crear delegacións de estudantes das que formarán parte, polo menos, os e as representantes do estudantado do centro nos órganos de goberno da universidade.
2. Entre os fins das delegacións de estudantes estarán:
 - a. Xestionar os recursos que a universidade e as escolas ou facultades poñan á súa disposición ou que acheguen por outras vías.
 - b. Exercer funcións de representación e de mediación ante as autoridades académicas e os órganos de goberno no establecemento de canle de diálogo e de información que faciliten a vida universitaria.
 - c. Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
 - d. Elixir as e os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, nos casos para os que non exista un regulamento de elección.

Artigo 54. Dos recursos dos e das representantes

Os centros, na medida das súas posibilidades, facilitarán os medios para que as delegacións do alumnado exerzan ás súas funcións.

Por último, o papel das Delegacións do Alumnado tamén esta recollido no título V do **Regulamento de Réxime Interno da Escola de Enxeñería Industrial** de Universidade de Vigo nos artigos 42 e 43.

Artigo 42

1. A Xunta de Escola, de acordo coas súas posibilidades, facilitaralle ós estudantes as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias, que poidan contribuír a mellorar a súa formación.
2. A tal fin, a Xunta de Escola poñerá a disposición da Delegación de Alumnos os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 43

1. A Delegación de Alumnos terá autonomía para:
 - a. Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos
 - b. Elixir os seus representantes perante calquera actividade, institución ou organización, informando o Director do Centro.
 - c. Crear tódalas seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins
 - d. Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da Universidade, e tamén, de institucións externas á mesma, tanto privadas como públicas.
2. O control do gasto das actividades da Delegación de Alumnos, que exceda do 10% do presuposto, terá intervención compartida polo Director ou persoa na que delegue.

TÍTULO I DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL

Artigo 1.- Natureza

A Delegación do Alumnado da Escola de Enxeñería Industrial (en adiante DAI) é o máximo órgano de representación, participación, deliberación, información, asesoramento e consulta dos estudantes matriculados nas titulacións que xestiona a Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo (en adiante EEI).

Artigo 2.- Estrutura e composición

1. Poden pertencer á DAI os estudantes matriculados en títulos oficiais xestionados pola EEI.
2. A DAI estará formada polos membros natos e libres.
3. Serán membros natos os estudantes da EEI que sexan:
 - a. Membros do Claustro da Universidade de Vigo.
 - b. Membros da Xunta de Escola da EEI.
 - c. Representantes nos Consellos de Departamento adscritos á EEI.
 - d. Delegados ou delegadas de curso na EEI.
4. Serán membros libres os estudantes da EEI que así o soliciten segundo o recollido no artigo 16 deste regulamento.
5. Cada membro disporá dun so voto, aínda que o sexa por varias condicións.

Artigo 3.- Competencias

1. Son competencias da DAI:
 - a. Representar aos estudantes da EEI tanto na Universidade de Vigo como fora dela
 - b. Informar e defender ante os órganos de goberno da EEI e da Universidade de Vigo os intereses e dereitos dos estudantes.
 - c. Atendelas opinións, queixas e suxestións procedentes do sector estudantil tanto a nivel colectivo como individual, e elevalas, no seu caso, aos órganos que corresponda
 - d. Expor ante os diferentes órganos da EEI e da Universidade de Vigo as propostas e peticións dos estudantes.
 - e. Propor aos órganos da EEI as medidas que consideren oportunas para o mellor funcionamento da mesma.
 - f. Fomentar e apoiar o asociacionismo estudantil, así como a participación en actividades de carácter social, cultural, deportivo e de representación naqueles asuntos de interese para os estudantes da EEI.
 - g. Xestionar os recursos económicos e materiais asignados pola Universidade de Vigo, a EEI e demais organismos para a consecución dos seus fins.

- h. Calquera outra competencia que lle confira o presente Regulamento, a normativa aplicable ou as necesarias para a súa organización e funcionamento.

Artigo 4.- Fins

1. Son fins principais da DAI:
 - a. Representar ao alumnado da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.
 - b. Promover actividades de Extensión Universitaria.
 - c. Calquera outro fin cuxos beneficiarios sexa a comunidade universitaria da EEI da Universidade de Vigo e que a Xunta Directiva considere oportuno.
2. As actividades que fará a DAI para cumprir estes fins son:
 - a. Realización de actividades de representación.
 - b. Actividades socio-culturais e lúdicas
 - c. Organización de cursos, seminarios, conferencias e actos análogos
 - d. Elaboración e edición de publicacións
 - e. Realización de concursos para promover a participación.
 - f. Realización de actividades formativas.
 - g. Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere apropiada para o cumprimento dos fins da asociación.

Artigo 5.- Órganos Colexiados e Unipersoais

O goberno da DAI corresponde aos seguintes órganos.

1. Órganos colexiados:
 - a. A Xunta de Alumnado.
 - b. A Comisión Delegada.
2. Órganos unipersoais:
 - a. O Delegado.
 - b. O Subdelegado.
 - c. O Secretario.
 - d. O Tesoureiro.
 - e. Os Vogais.

TÍTULO II ÓRGANOS DA DAI

CAPÍTULO PRIMEIRO A XUNTA DE ALUMNADO

Sección Primeira *Disposicións Xerais*

Artigo 6.- *Natureza e composición da Xunta de Alumnado*

1. A Xunta de Alumnado é o órgano superior de goberno da DAI.
2. Pertencen á Xunta de Alumnado todos os membros natos e libres da DAI.
3. Os seus membros cesan e, polo tanto, se entende producida unha vacante polas seguintes circunstancias:
 - a. Por perda da condición pola que son membros.
 - b. Por renuncia voluntaria dos membros libres.
 - c. Froito da aprobación dun expediente contradictorio ou dunha sanción por incumprimento das súas obrigas que así o estime.

Artigo 7.- *Competencias da Xunta de Alumnado*

1. Son competencias da Xunta de Alumnado:
 - a. Supervisar a xestión dos órganos de goberno e administración da DAI.
 - b. Aprobar posturas que afecten a todos os estudantes da EEI
 - c. A interpretación dos Estatutos e Regulamento da DAI.
 - d. Aprobar modificacións do Presuposto Xeral.
 - e. Aprobar ou ratificar a creación ou disolución dunha comisión.
 - f. Aprobar ou ratificar a composición das comisións e do seu responsable
 - g. Aprobar ou rexeitar mocións de censura.
 - h. Calquera outra competencia que lle atribúa este Regulamento ou as súas disposicións de desenvolvemento.
2. Son competencias exclusivas da Xunta de Alumnado de carácter ordinario:
 - a. Elixir e, no seu caso, renovar ao Delegado, ao Subdelegado, ao Secretario, ao Tesoureiro, aos vogais e ao coordinador da Comisión de Garantías.
 - b. Aprobar o Plan Xeral de Actuación proposto pola Comisión Delegada.
 - c. Aprobar a Memoria de Xestión presentada pola Comisión Delegada.
 - d. Aprobar o Presuposto Xeral elaborado polo tesoureiro e/ou persoas nas que delegue.
 - e. Aprobar a Memoria Económica elaborada polo tesoureiro e/ou persoas nas que delegue.
 - f. Propor á Xunta de Escola da EEI as modificacións do presente Regulamento, e aprobar as disposicións de desenvolvemento do mesmo que procedan.
 - g. Aprobar, modificar ou derrogar os distintos Regulamentos de Réxime Interno.

Artigo 8.- Dereitos e deberes dos membros da Xunta de Alumnado

1. Son dereitos dos membros da Xunta de Alumnado, ademais de aqueles que a Universidade de Vigo xa lles confire como estudantes e como representantes estudiantís:
 - a. Expresar libremente as súas opinións no exercicio da súa función.
 - b. Participar nas sesións da Xunta de Alumnado con voz e con voto.
 - c. Ser elector e elixible para os cargos de xestión e representación na DAI, excepto nas circunstancias expostas no presente regulamento.
 - d. Solicitar e recibir da DAI a información e apoio que precisen para o mellor desempeño da súa labor representativa.
 - e. Recibir facilidades por parte do profesorado, para que poidan compatibilizar a representación co cumprimento dos seus deberes académicos.
 - f. Solicitar e obter, no seu caso, recoñecemento de créditos académicos pola súa participación en actividades da DAI, nos termos que se establezan.
 - g. A condición de ser membro nato ou libre da DAI non poderá ser motivo de prexuízo ou coacción.
 - h. Acceder ás instalacións, material, actas e documentos da EEI e da DAI nos termos que se determinen.
 - i. Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles ou elas e ser informados/as dos feitos que dean lugar ás ditas medidas.
 - j. Calquera outro dereito que a DAI lles outorgue dentro do ámbito das súas competencias.

2. Son deberes dos membros da Xunta de Alumnado:
 - a. Cumprir co presente Regulamento, os seus regulamentos de Réxime Interno e os acordos adoptados.
 - b. Desempeñar as funcións que lles correspondan, especialmente asistir ás sesións da Xunta de Alumnado e dos demais órganos a que pertencen e a cantos actos requiran da súa presenza. Quen non asista, sen causa xustificada segundo o disposto na disposición adicional quinta, a tres sesións consecutivas da Xunta de Alumnado, ordinarias ou extraordinarias, ou a cinco ao longo dun curso, se lles incoará un expediente contradictorio.
 - c. Transmitir de maneira fidedigna, a quen corresponda, as opinións e peticións dos seus representados.
 - d. Informar aos seus representados das actividades por eles realizadas no desempeño do seu cargo e dos feitos que lles poidan resultar de interese.
 - e. Coidar e facer un bo uso das instalacións, material, documentación, e demais medios que lles sexan confiados no exercicio das súas funcións ou dereitos.
 - f. Calquera outro deber que a Xunta de Alumnado da DAI lles asigne dentro do ámbito das súas competencias.

Artigo 9.- Expedientes Contraditorios

1. A Comisión de Garantías incoará un expediente contradictorio a un membro da DAI no caso de incumprimento dos seus deberes e obrigas.
2. Os expedientes deberán ser comunicados a aqueles membros afectados, que poderán realizar alegacións nun prazo de 15 días naturais tras a notificación.
3. Pasado o prazo anterior, se tratará nunha sesión da Comisión de Garantías, a cal será a encargada de redactar o expediente. Na sesión determinarase a posición a levar á Xunta de Alumnado.
4. A resolución do expediente será tratada nunha sesión da Xunta de Alumnado na que será necesaria a maioría simple dos asistentes para alcanzar unha resolución positiva ao mesmo.
5. No caso de membros de Comisións, a Comisión de Garantías lles notificará a aqueles que non haxan asistido a dúas reunións consecutivas, tras o que disporán de 5 días hábiles, dende o día seguinte, ou ata a convocatoria da seguinte sesión para xustificar estas faltas. En caso contrario, entenderase o incumprimento das súas funcións, perdendo a condición de membro de dita Comisión.

Sección Segunda Funcionamento interno da Xunta de Alumnado

Artigo 10.- Constitución

1. Para a válida constitución das sesións será necesaria en primeira convocatoria a asistencia da maioría absoluta dos seus membros (sen ter en conta aqueles que desculpasen ausencia previamente) e en segunda convocatoria, 30 minutos despois, cando asistan polo menos un 10% dos membros.
2. De non alcanzar Quórum procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días.

Artigo 11.- Sesións e convocatorias

1. As sesións poderán ter carácter ordinario, extraordinario ou urgente.
2. O delegado presidirá a Xunta de Alumnado.
3. As sesións ordinarias serán convocadas polo delegado, previa consulta co subdelegado.
4. A Xunta de Alumnado, con carácter ordinaria, se reunirá polo menos unha vez por cuadrimestre, e será convocada cunha antelación mínima de 7 días naturais.
5. A primeira sesión da Xunta de Alumnado do curso deberá ser convocada no prazo de 7 días despois da proclamación definitiva dos delegados de grupo:
 - a No caso de que esta reunión non se convocase en tempo e forma, recaerá sobre a dirección da EEI a responsabilidade de convocala, previa notificación dun membro da Delegación do Alumnado.
 - b Na súa orde do día incluírase a elección da Xunta Directiva.
6. As sesións, con carácter extraordinario, serán convocadas cunha antelación mínima de 48 horas.

7. A Xunta de Alumnado, con carácter extraordinario, reunirse:
 - a A iniciativa do Delegado
 - b A petición dun 50% dos membros da Xunta Directiva
 - c A petición dun 35% dos membros da Comisión Delegada
 - d A petición dun 20% dos membros da Xunta de Alumnado
 - e A petición da Comisión de GarantíasÁ petición referida nos catro últimos casos deberá acompañarse da proposta da orde do día.
8. A orde do día, con carácter xeral, será fixada polo Delegado, previa consulta co subdelegado. Ademais, poderán engadir puntos á orde do día ata 48 horas antes da sesión:
 - a Os membros da Xunta Directiva
 - b Por acordo das Comisións de Área, da Comisión de Garantías ou da Comisión Delegada.
 - c Calquera membro que conte co aval do 15% dos membros dun órgano colexiado da DAI para engadilo.
9. As sesións con carácter urxente, serán convocadas cunha antelación mínima de 12 horas e precisarán da presenza dun 25% dos membros para constituírse. Estas sesións so se convocarán se as circunstancias o xustifican pero nunca para a aprobación de mocións de censura.
10. A convocatoria das sesións ordinarias, extraordinarias e urxentes notificarase aos seus membros por correo electrónico á dirección facilitada á secretaría da delegación, sen prexuízo de que ademais se notifique a cada membro a unha dirección de correo alternativa. Ademais, a documentación das sesións ordinarias e extraordinarias enviaranse con, polo menos, 36 horas de antelación á sesión.
11. Non se poderán votar na Xunta de Alumnado asuntos que non se encontren na Orde do Día, excepto aqueles que, dada a súa urxencia, e estando presentes máis do 60% de todos os membros da DAI, o estimen oportuno polo menos o 75% dos presentes.
12. A Xunta de Alumnado con carácter ordinario non se poderá convocar en períodos de exames e a Xunta de Alumnado con carácter extraordinario convocarase preferentemente fora do período de exames.
13. No caso de que a sesión se convocara nun horario non lectivo, de acordo ao calendario oficial da EEI, terase que facilitar aos membros a posibilidade de asistir de xeito telemático.

Artigo 12.- Debates

1. As sesións ordinarias iniciaranse coa aprobación ou modificación de todas aquelas actas de sesións anteriores pendentes de aprobación e rematarán cun punto de rogos e preguntas.
2. Correspóndelle ao Delegado establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas de votación. En caso de ausencia ou abandono das súas funcións, poderanse ofrecer voluntarios que, en todo caso, deberán ser ratificados polos membros do órgano colexiado antes de comezar a sesión para ser o moderador da mesma.

3. As reunións da Xunta de Alumnado son públicas para toda a comunidade universitaria. Sempre que o aforo o permita, poderán participar na Xunta de Alumnado, con voz pero sen voto, aqueles colectivos ou estudantes da EEI que o soliciten con anterioridade.

Artigo 13.- Adopción de acordos

1. Os acordos serán válidos unha vez aprobados por asentimento, por unanimidade ou por votación. En casos de votación con máis de dúas opcións, en primeira votación será necesario alcanzar a maioría absoluta de votos dos asistentes, entendendo por maioría absoluta que o número de votos da proposta gañadora supere á suma dos demais votos válidos. Se ningunha proposta alcanza a maioría absoluta na primeira votación procederase a unha segunda votación entre as dúas alternativas máis votadas na primeira, e será considerada gañadora a que obteña a maioría simple de votos. Todo isto sen prexuízo das maiorías cualificadas que se poidan establecer neste ou noutro regulamento.
2. O voto será persoal e indelegable, excepto en casos de ausencia xustificada, segundo disposto na disposición adicional quinta. Nestes casos o voto deberá ser entregado ao Secretario cunha antelación mínima de 24 horas. No caso de votación secreta, deberase entregar o voto dentro dun sobre que será aberto e introducido na urna, mantendo o secreto do mesmo.
3. Utilizarase o sistema de votación segredo cando se decida sobre cuestións que afecten a persoas perfectamente identificadas, ou así o considere o delegado ou o solicite polo menos un vinte por cento dos membros asistentes.
4. En caso de empate, o Delegado terá voto de calidade. En caso de ausencia ou abandono de funcións do Delegado, o voto de calidade será ostentado pola persoa que presida a reunión.

Artigo 14.- Actas

1. De cada sesión que celebre a Xunta de Alumnado da DAI ou a súa Comisión Delegada levantará acta o Secretario da Delegación, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día, o día, a hora, o lugar, os puntos principais das deliberacións, as intervencións máis significativas, así como o contido dos acordos adoptados con indicación do resultado das votacións, se estas se produciran.
2. No caso das reunións da comisión de garantías tomará acta o que así se preste voluntario ou no caso de non habelo, decidirse a sorteo. Nela deberán aparecer necesariamente os asistentes, a orde do día, o día, a hora, o lugar, os acordos tomados coa súa argumentación e os resultados das votacións, en caso de habelas.
3. No caso das reunións das comisións de área non será preciso a toma de acta excepto no caso de que algún membro da comisión así o solicite antes do inicio da sesión. No caso de non haber voluntarios para redactala, sortearase para decidir ao responsable. Nela deberán aparecer necesariamente os asistentes, a orde do día, o día, a hora, o lugar, os acordos tomados e os resultados das votacións, en caso de habelas.
4. Na acta figurará, a petición dos respectivos membros do órgano, o voto contrario a un acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustificuen ou o sentido favorable do seu voto.

5. Calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou nas 24 horas seguintes á sesión, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou anexándoa á mesma.
6. Os membros que discrepen do acordo maioritario, e así o fixeran constar na votación, poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.
7. As actas e os acordos adoptados aprobaranse na seguinte sesión ordinaria do órgano, podendo, non obstante, o Secretario da Delegación emitir certificados sobre os acordos adoptados, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
8. O Secretario garantirá que calquera membro da comunidade universitaria que así o desexe teña acceso a todas as actas aprobadas.

Artigo 15.- *Carácter supletorio das normas sobre funcionamento da Xunta de Alumnado*

1. O disposto nos artigos precedentes sobre o funcionamento interno da Xunta de Alumnado da DAI será tamén de aplicación, no que proceda, no funcionamento da Comisión Delegada, Comisións de Área e Comisión de Garantías.

Sección Terceira Sancións e órgano supervisor

Artigo 16.- *Disposicións xerais*

Os distintos regulamentos de Réxime Interno da DAI establecerán as sancións, faltas e as oportunas medidas correctivas co fin de que os membros da delegación do alumnado cumpran os seus deberes e para preservar a orde no eido da representación estudantil da EEI. Da mesma forma, establecerá o funcionamento da comisión independente que velará polo correcto cumprimento das normativas vixentes.

CAPÍTULO SEGUNDO A COMISIÓN DELEGADA

Sección Primeira *Disposicións Xerais*

Artigo 17.- *Natureza e Composición da Comisión Delegada*

1. A Comisión Delegada é o órgano colexiado de xestión e execución dos acordos adoptados pola Xunta de Alumnado.
2. Estará constituída por:
 - a Todos os membros da Xunta Directiva
 - b Os membros libres
3. Os membros libres serán aqueles estudantes da EEI que o soliciten e sexan aprobados no órgano pertinente despois do seu período de proba.
4. Para solicitar ser membro libre deberase entregar a correspondente solicitude ao Delegado ou Subdelegado, os cales firmarán o documento permitíndolle así comezar o proceso de proba asignándolle un titor.
5. O período de proba durará un mínimo dun mes e un máximo de tres, no cal, o seu titor terá que explicarlle todas as funcións da Comisión Delegada e preparalo para as súas futuras responsabilidades.
6. Unha vez rematado o período de probas, o titor presentará un informe na seguinte reunión da Comisión Delegada onde se decidirá se o alumno é aprobado como membro libre. Se o estudante é rexeitado, trasladarase a decisión á seguinte Xunta de Alumnado onde se decidirá en última instancia se é admitido. Se segue sendo rexeitado, o alumno non poderá solicitalo de novo ata o curso seguinte.
7. A Xunta de Alumnado, a petición da totalidade da Xunta Directiva ou da Comisión Delegada, poderá retirar a condición de membro libre se así o consideran dous terzos dos membros asistentes á Xunta de Alumnado.

Artigo 18.- *Competencias da Comisión Delegada*

1. Son funcións da Comisión Delegada:
 - a Executar os acordos da Xunta de Alumnado.
 - b Realizar as actividades da DAI que lle fosen encomendadas ou no cumprimento dos seus fins.
 - c Elaborar, e elevar á Xunta de Alumnado, o Plan Xeral de Actuación.
 - d Elaborar, e elevar á Xunta de Alumnado, a Memoria de Xestión.
 - e Elevar á Xunta de Alumnado o Presuposto Xeral do ano natural, elaborado polo Tesoureiro e/ou as persoas nas que delegue.
 - f Elevar á Xunta de Alumnado a Memoria Económica do ano natural, elaborado polo Tesoureiro e/ou as persoas nas que delegue.
 - g Actuar como interlocutor e trasladar aos órganos de goberno da Escola de Enxeñería Industrial as propostas que estime oportunas.
 - h Ratificar todas aquelas decisións tomadas polas Comisións de Área que non afecten exclusivamente a dita comisión.

- i Nomear, a proposta do delegado, previa notificación aos membros da Xunta de Alumnado, representantes da DAI ante outros órganos, notificándoo á dirección da EEI.
 - j Calquera outra función que lles sexa asignada pola Xunta de Alumnado ou no presente regulamento.
2. A Comisión Delegada non terá poder decisorio sobre aqueles asuntos nos que non se haxa pronunciado a Xunta de Alumnado e sexan competencia desta última. Non obstante, por motivos de urxencia, a Comisión Delegada poderá prestar consentimento e tomar decisións, sempre e cando a medida haxa sido adoptada polo Delegado coa maioría absoluta dos membros da Comisión Delegada, e posteriormente sexa informada a Xunta de Alumnado na seguinte sesión.

CAPÍTULO TERCEIRO AS COMISIÓNS DE ÁREA

Sección Primeira *Disposicións Xerais*

Artigo 19.- *Natureza e composición das Comisións de área*

1. As Comisións de Área teñen como fin o traballo, estudo, asesoramento e/ou elaboración de propostas en temas concretos, para a súa discusión e aprobación pola Xunta de Alumnado ou a Comisión Delegada. Segundo o seu propósito, poderán ter carácter permanente ou non permanente.
2. Por delegación expresa da Xunta de Alumnado, as Comisións de Área poderán ter carácter executivo para un asunto concreto. En tal caso, a Xunta de Alumnado ou a Comisión Delegada marcarán o tempo e a forma de presentación do seu traballo.
3. É necesario ser estudante da EEI para pertencer a unha Comisión de Área.
4. Os Coordinadores das Comisións serán elixidos pola Comisión Delegada, podendo nomear o delegado un coordinador interino mentres esta non se celebre..
5. Aqueles estudantes que non formen parte dunha Comisión de área, poderán solicitar asistir ás reunións ao coordinador da mesma. En tal caso, asistirían con voz pero sen voto.
6. O Delegado propoñerá á Xunta de Alumnado un informe coa información necesaria para a creación da comisión de área permanente. Este informe deberá ser aprobado pola Xunta de Alumnado e conterá a normativa específica pola que se rexerá a comisión.
7. No caso de crearse ou disolverse unha comisión de área, o delegado terá a capacidade de engadir ou suprimir respectivamente do Regulamento de Réxime Interno a normativa específica aprobada de dita comisión de área.

Artigo 20.- *Comisións non permanentes*

1. As comisións non permanentes serán creadas a petición de:
 - a O Delegado ou Subdelegado previo aviso aos membros da Comisión Delegada.
 - b A Comisión Delegada.
 - c A Xunta de Alumnado.
2. Poderán constituírse Comisións de área non permanentes para tratar asuntos concretos e determinados, aínda que interfiran nas competencias dunha Comisión de Área permanente.
3. A súa composición e funcionamento serán notificadas na seguinte sesión da Xunta de Alumnado, excepto se fosen creadas a petición desta.
4. As Comisións non permanentes poderán disolverse polo mesmo órgano que as creou, a Comisión Delegada ou a Xunta de Alumnado.

CAPÍTULO CUARTO DA XUNTA DIRECTIVA

Sección Primeira *Disposicións Xerais*

Artigo 21.- *Natureza e composición da Xunta Directiva*

1. A Xunta Directiva é o máximo órgano de coordinación da DAI e o responsable da posta en marcha dos acordos acadados.
2. Compoñen a Xunta Directiva:
 - a. O delegado
 - b. O subdelegado
 - c. O secretario
 - d. O tesoureiro
 - e. Os vogais

Artigo 22.- *Elección da Xunta Directiva*

1. A orde de elección dos membros da Xunta Directiva na Xunta de Alumnado será: delegado, subdelegado, secretario, tesoureiro e vogais
2. Decidirase o tempo do que disporán os candidatos para a exposición do seu programa por consenso da Xunta de Alumnado.
3. Tras a exposición por parte dos candidatos e do posterior debate, procederase á votación do cargo correspondente da Xunta Directiva.
4. No caso de votación cun so candidato, este deberá ter máis votos favorables que desfavorables.
5. No caso de votacións con dous candidatos, sairá proclamado o candidato con maioría simple.
6. No caso de votacións nas que se presenten máis de dous candidatos, será elixido aquel que obteña maioría absoluta. Se ningún dos candidatos obtivese maioría absoluta, elixiríase noutra votación entre os dous candidatos mais votados.

Artigo 23.- *Da moción de censura*

1. A Xunta de Alumnado pode esixirlles responsabilidade a calquera membro da Xunta Directiva mediante a presentación dunha moción de censura.
2. A moción de censura deberá ser presentada á Secretaría da DAI coas sinaturas de polo menos un 25% dos membros da Xunta de Alumnado e conterá as razóns que a fundamentan, sendo o solicitante da moción o candidato alternativo.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o Delegado está obrigado a convocar unha Xunta de Alumnado con este único punto da orde do día dentro dos seguintes quince días hábiles a súa recepción.
4. Aberta a sesión, o candidato alternativo disporá dun tempo de quince minutos para expoñer os argumentos nos que fundamenta a súa moción. O membro obxecto da moción disporá a continuación de 30 minutos para o uso da palabra. A continuación abrirase unha quenda de intervencións.
5. Acabado o debate procederase a votar a moción de censura.

6. A aprobación da moción de censura requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Alumnado.
7. Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios, consideraríase rexeitada, e o candidato alternativo de dita moción non poderá volver a presentar outra moción no que lle quede de mandato á Xunta Directiva.

Sección Segunda *O Delegado*

Artigo 24.- *Natureza*

1. O Delegado da Escola de Enxeñería Industrial é o representante oficial dos estudantes da escola en cantas actividades e representacións institucionais precise a participación do alumnado.
2. O Delegado será elixido entre os membros da Delegación do Alumnado
3. O seu mandato será dun ano. O Delegado cesará, ademais de polas causas xerais, pola aprobación dunha moción de censura.

Artigo 25.- *Competencias*

Son competencias do Delegado as seguintes:

- a Exercer as funcións de organización, coordinación, xestión e funcionamento da DAI
- b Representar ao sector estudantil da Escola de Enxeñería Industrial.
- c Presidir as reunións da DAI , das comisións e de calquera outro órgano colexiado; así como executar os seus acordos
- d Convocar as reunións da DAI.
- e Coordinar a actuación da DAI ante calquera órgano da Universidade.
- f Velar polo cumprimento da legalidade en tódalas actuacións da Delegación do Alumnado.
- g Exercer as restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como outras recollidas neste ou noutros regulamentos superiores.

Artigo 26.- *Particularidades do cargo*

O Delegado só poderá ser elixido entre os membros da Delegación do Alumnado que teñan unha antigüidade mínima dun ano como membros da Comisión Delegada. No caso de que non haxa candidatos que cumpran este requisito, non será de aplicación.

Sección Terceira *O Subdelegado*

Artigo 27.- *Natureza*

1. O Subdelegado será o máximo responsable da Delegación do Alumnado na ausencia do Delegado, adquirindo así as responsabilidades e funcións de este.
2. O Subdelegado deberá exercer as competencias que lle delegue o Delegado.
3. O Subdelegado será elixido entre os membros da DAI.

4. O seu mandato será dun ano. O Subdelegado cesará, ademais de polas causas xerais, pola aprobación dunha moción de censura.
5. Á hora de elixilo, priorizarase que pertenza á sede contraria ao delegado.

Artigo 28.- Competencias

Son competencias do Subdelegado as seguintes:

- a Representar ao sector estudantil da Escola de Enxeñería Industrial.
- b Aquelas competencias que lle delegue o delegado

Sección Cuarta O Secretario

Artigo 29.- Natureza

1. O Secretario da Delegación do Alumnado é quen da conta dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración da DAI e como tal ten encomendada a custodia das actas en formato electrónico, ademais da expedición de certificacións dos acordos e de tódolos actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da Delegación do Alumnado.
2. O Secretario será elixido entre os membros da Delegación do Alumnado.
3. O seu mandato será dun ano. O Secretario cesará, ademais de polas causas xerais, pola aprobación dunha moción de censura.

Artigo 30.- Competencias

Son competencias do Secretario as seguintes:

- a Asumir a Secretaría da DAI, levantando acta das sesións cando así o requira o presente regulamento.
- b Enviar a documentación e convocatoria das reunións dos órganos colexiados.
- c Redactar a acta das reunións da DAI, e remitirla ao Delegado coa maior brevidade posible.
- d Gardar as actas e dar fe das actuacións dos membros ou comisións da Delegación do Alumnado
- e Expedir os documentos e certificacións das Actas dos acordos.
- f Calquera outra función que se lle delegue ou lle outorgue este regulamento.

Sección Quinta O Tesoureiro

Artigo 31.- Natureza

1. O Tesoureiro será elixido entre os membros da Delegación do Alumnado.
2. Corresponde o Tesoureiro dirixir e coordinar baixo a autoridade da Delegación do Alumnado a área económica, así como outras áreas de competencia que este lle asigne.

3. O seu mandato será dun ano. O Tesoureiro cesará, ademais de polas causas xerais, pola aprobación dunha moción de censura.

Artigo 32.- Competencias

Son competencias do Tesoureiro as seguintes:

- a Custodiar os fondos da Delegación do Alumnado.
- b Preparar os balances, inventario e presupostos da Delegación do Alumnado para a súa aprobación por parte da propia DAI.
- c Optimizar o gasto da Delegación, buscando sempre que sexa posible o presuposto mais económico para un gasto que estea aprobado.
- d Autorizar tódolos gastos aprobados pola Delegación do Alumnado.
- e Levar o control dos gastos para elaborar un informe ao final de cada ano.
- f Calquera outra función que se lle delegue ou lle outorgue este regulamento.

Sección Sexta Os Vogais

Artigo 33.- Natureza

1. Os vogais serán elixidos entre os membros da Delegación do Alumnado.
2. A súa elección non é necesaria, salvo que así o considere a Xunta de Alumnado.
3. O seu mandato será dun ano. Os vogais cesarán, ademais de polas causas xerais, pola aprobación dunha moción de censura.

Artigo 34.- Competencias

Son competencias dos vogais todas as funcións que lle deleguen para o cumprimento das súas funcións.

TÍTULO III DOS ESPAZOS E RECURSOS

Sección Primeira *Disposicións Xerais*

Artigo 35.- *Dos centros que a forman*

1. A DAI está integrada por dúas sedes
2. Estas dúas sedes son, a Sede Cidade e a Sede Campus, cunha coordinación entre elas o máximo posible, dependendo e apoiándose as dúas entre si na toma de decisións

Artigo 36.- *Coordinación e funcionamento*

1. O Delegado/a poderá delegar, de forma excepcional, cando coincidan o Delegado/a e o Subdelegado/a ou cando así se precise, en persoas para que estas se responsabilicen da organización, coordinación e funcionamento de cadansúa Sede. Estas persoas serán designadas polo delegado e ratificadas nunha reunión da Comisión Delegada da DAI.

Artigo 37.- *Utilización dos espazos dos locais de delegación*

1. Todos os estudantes da EEI poden entrar no local da DAI para consultar temas cos membros da Comisión Delegada.
2. O uso dos locais da Delegación do Alumnado queda reservado para os membros da Comisión Delegada da DAI salvo nas excepcións previstas no presente regulamento.
3. Os membros natos que non pertencen á comisión delegada e que precisen utilizar os recursos da DAI para o cumprimento das súas funcións coma representantes, deberán comunicalo previamente á Xunta Directiva, quen facilitará unha forma que lles permita facer uso dos espazos e recursos da DAI.
4. Poderá restrinxirse a determinadas persoas ou colectivos o uso de certos armarios, despachos e demais recursos que a Dirección da DAI sinalice a tal efecto e así o ratifique a Comisión Delegada.
5. Os estudantes e as asociacións universitarias poden solicitar o uso das zonas comúns dos locais da DAI. Dita solicitude deberá ser aprobada polo delegado, subdelegado ou persoa na que delegue a organización da sede e así o ratifique a Comisión Delegada.

TÍTULO IV OUTRAS ELECCIÓNS

Sección Primeira *Delegados de curso*

Artigo 38.- Disposicións xerais

1. As eleccións a Delegados de curso realizaranse en todas e cada unha das clases do conxunto de titulacións da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.
2. Os delegados e subdelegados de curso o serán para o curso académico polo que foron elixidos e ata que se celebren as seguintes eleccións a delegados de curso.
3. No caso de que por causa xustificada o Delegado elixido non poida desenrolar as súas funcións este será substituído polo seguinte candidato con mais votos ou convocaranse novas eleccións.
4. Cada grupo de teoría terá que dispor dun delegado de curso.

Artigo 39.- Procedemento de elección

1. As candidaturas a delegado de curso presentaranse no momento da elección. Se non hai candidaturas tódolos alumnos da clase serán candidatos, agás os membros da mesa electoral.
2. Cada delegado só poderá selo dun so grupo.
3. A mesa electoral de cada grupo estará composta por:
 - a Un presidente, que será o profesor que imparta docencia nese momento.
 - b Un secretario e un vogal que serán elixidos polo presidente, entre os alumnos que non presenten candidatura.
4. Unha vez presentados os candidatos procederase á votación a man alzada, salvo que algún alumno solicite a privacidade do voto, caso no cal, cada alumno escribirá o seu voto nun papel e entregarallo ó presidente na mesa electoral.
5. Non se admitirá a delegación do voto, nin o voto anticipado.
6. Resultará elixido delegado de curso o candidato que obteña maior número de votos. No caso de haber un candidato único terá que acadar maior número de votos a favor que en contra.
7. Resultará elixido subdelegado de curso o segundo candidato con maior número de votos.
8. O secretario levantará acta segundo o modelo que lle será facilitado polo centro. Na acta figurarán o número de votos acadados por cada candidato, ou no caso de candidato único, o número de votos a favor e número de votos en contra.
9. A acta unha vez cuberta e asinada polo presidente, o secretario e o vogal será entregada nunha das conserxerías da EEI á atención do secretario da EEI.
10. O secretario da EEI transmitiralle ao Delegado de alumnado da EEI os resultados das eleccións. De estimar que non houbo a participación suficiente entrará en funcionamento a comisión electoral para facer unha segunda volta de votacións nas aulas que quedaron sen delegado.

Artigo 40.- Funcións

As funcións do Delegado de Curso son as seguintes:

1. Representar aos seus electores nas reunións da Xunta de Alumnado.
2. Comunicarse cos profesores e coa Delegación de Alumnos para resolver calquera problema que se produza na aula.
3. Expor ante a Delegación do Alumnado calquera suxestión ou reclamación que a clase considere oportuna.
4. Informar aos seus compañeiros das noticias relacionadas co centro.
5. Exercer de mediador nos conflitos entre compañeiros ou entre o profesorado e o alumnado, fomentando a convivencia entre todos os membros da comunidade universitaria.
6. Convocar unha assemblea en horario non lectivo cos alumnos aos que representa se a situación así o require.
7. Asistir ás sesións da Xunta de Alumnado na medida do posible.

DISPOSICIÓN

Disposición adicional primeira.- *Reforma do presente regulamento*

1. A iniciativa para a reforma total ou parcial deste Regulamento poderá ser promovida polo Delegado, un terzo dos membros da Xunta de Alumnado da DAI ou a proposta da Comisión Delegada. A iniciativa será remitida ao Secretario, quen, previa verificación do cumprimento dos requisitos, creará un grupo de traballo a tal efecto.
2. O grupo de traballo estudará dita iniciativa e elaborarán as emendas necesarias para a modificación do regulamento. Poderán unirse ao grupo de traballo todos os membros da DAI que así o soliciten.
3. Calquera membro da Xunta de Alumnado poderá propor emendas ao regulamento, sendo enviadas ao grupo de traballo encargado da reforma antes da convocatoria da Xunta de Alumnado onde se traten ditas emendas. A comisión non poderá vetar emendas.
4. Establecerase un prazo mínimo de 10 días de exposición pública do regulamento no que se poderán facer chegar as emendas.
5. Os debates na Xunta de Alumnado desenvolveranse emenda por emenda e co texto alternativo. Previa quenda de intervencións, procederase á votación a favor e en contra de cada emenda. Finalizadas as votacións de emendas procederase á votación do texto completo reformado.
6. A proposta do regulamento final, que incluírá as emendas aprobadas, deberá ser aprobado por maioría cualificada de dous terzos dos membros asistentes á reunión da Xunta de Alumnado.
7. A proposta de regulamento remitirase á Xunta de Escola da EEI para a súa aprobación.

Disposición adicional segunda.- *Regulamentos de Réxime Interno*

1. A Xunta de Alumnado poderá elaborar para o seu funcionamento un ou varios Regulamentos de Réxime Interno.
2. A iniciativa para a elaboración ou modificación dun Regulamento de Réxime Interno correspóndelle ao Delegado, á Comisión Delegada ou a un trinta por cento dos membros da Xunta de Alumnado. En todos os casos argumentarase a necesidade de dita elaboración ou reforma. A iniciativa será remitida ao Secretario, quen, previa verificación do cumprimento dos requisitos, creará un grupo de traballo a tal efecto.

Disposición adicional terceira.- *Supostos de non votación*

Naquelas eleccións nas que o número de candidatos fose igual ou inferior ao de postos a cubrir, non será necesaria a votación, resultando proclamados os candidatos presentados, salvo no caso do delegado ou cando o candidato solicite unha votación.

Disposición adicional cuarta.- *Denominacións*

Nos casos nos que este documento emprega substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía da expresión, e que se empregan de forma xenérica con independencia do xénero das persoas aludidas ou dos titulares de ditos cargos ou postos, con estrita igualdade encanto aos efectos xurídicos.

Disposición adicional quinta.- Ausencias xustificadas

1. Consideraranse ausencias xustificadas:
 - a. A coincidencia de data e hora por motivos de asistencia ás sesións de órganos colexiados de goberno ou de representación.
 - b. A asistencia a un evento de representación estudantil, xa sexa relacionado coa DAI ou outro órgano externo de similar índole.
 - c. Por coincidencia con actividades oficiais dos deportistas de alto nivel e de alto rendemento ou pola participación en actividades deportivas de carácter oficial.
 - d. En caso de enfermidade debidamente xustificada a través de certificado médico oficial.
 - e. Por falecemento dun familiar ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade acaecido nos dez días previos ou na data programada para a reunión.
 - f. Por estar cursando estudos de mobilidade.
 - g. Ter unha proba de avaliación de carácter oficial.
 - h. Por coincidencia con horas de sesións prácticas dunha clase da EEI.
 - i. Por incompatibilidade laboral ou coas prácticas en empresa.
2. O prazo máximo para remitir a correspondente xustificación á secretaría da DAI será de ata 24 horas despois da finalización da sesión, salvo nos casos que se acredite unha imposibilidade de cumprir dito prazo.

Disposición derogatoria.

Derróganse todas as normas que contradigan o presente regulamento.

Disposición final.- Entrada en vigor e transición

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Escola da EEI.

Sen embargo, o artigo 25 entrará en vigor un ano e medio despois da aprobación do presente regulamento pola Xunta de Escola da EEI. No seu lugar, aplicarase como requisito para ser delegado ter a condición de membro nato da DAI.

Os membros da Xunta Directiva da DAI electos seguindo a anterior normativa cuxo cargo segue a existir na presente normativa, manterán o mesmo cargo adaptándose ás súas novas funcións e responsabilidades. En todo caso, o seu mandato terá unha duración máxima dun ano dende que foron elixidos, sen prexuízo de que podan volver a presentarse.

Os membros da Xunta Directiva electos seguindo a anterior normativa cuxo cargo non se recolle na presente normativa, pasarían a ser vogais salvo renuncia voluntaria dos mesmos. No caso de renuncia voluntaria, abandonarían a Xunta Directiva e os seus cargos sen necesidade de elixir novas persoas para eses postos. En todo caso, o seu mandato terá unha duración máxima dun ano dende que foron elixidos, sen prexuízo de que podan volver a presentarse.